



Tribunal das probas selectivas para o acceso á escala administrativa, subgrupo C1, pola quenda de promoción interna, convocadas por resolución reitoral de 12 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 16, de 23 de xaneiro de 2024)

SEGUNDO EXERCICIO. SUPOSTO PRÁCTICO
BLOQUE III: RECURSOS HUMANOS
VERSIÓN EN GALEGO

C.C.C, é funcionaria de carreira da escala auxiliar administrativa da USC desde o ano 2006 con destino como xefa de negociado de Selección da Subárea de Convocatorias e Programas de RRHH. B.B.B. é funcionario de carreira da escala auxiliar da USC desde o ano 2023 sendo titular da xefatura de negociado de nóminas PAS do Servizo de Xestión de persoal na USC. Ambas as dúas persoas están interesadas en permutar entre elas no seu posto de traballo actual:

1. Poderían permutar ao abeiro do artigo 99 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*?

- a) Si, xa que as dúas persoas son da mesma escala e subgrupo.
- b) Si, sempre e cando lle reste menos de 5 anos para xubilarse.
- c) Non porque unha delas non cumpre o requisito de ter prestado como mínimo 5 anos de servizo efectivo como funcionaria de carreira.

2. O persoal funcionario de carreira ao cal lle fose autorizada unha permuta de postos de traballo deberá permanecer no posto obtido por permuta, segundo o artigo 99.3 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*:

- a) Un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo.
- b) Un mínimo de cinco anos para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo.
- c) Un máximo de dous anos para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo.

3. E.E.E., funcionario da escala de xestión da USC desde o ano 2007, quere participar nun concurso de traslados que se vai convocar o vindeiro 9 de outubro. Segundo o artigo 89 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*, cal dos seguintes datos e circunstancias non é obrigatorio engadir na convocatoria:

- a) A identificación dos postos que se oferten.

- b) Os requisitos necesarios para participar na convocatoria.
- c) O importe do complemento específico de cada posto.

4. Escolla a resposta correcta:

- a) Segundo o artigo 89 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*, no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, os concursos para a provisión de postos de persoal funcionario de carreira, deberán resolverse no prazo de tres meses, contados desde a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas.
- b) Segundo o artigo 89 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*, no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, os concursos para a provisión de postos de persoal funcionario de carreira, deberán resolverse no prazo de nove meses, contados desde a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas.
- c) Segundo o artigo 89 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*, no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, os concursos para a provisión de postos de persoal funcionario de carreira, deberán resolverse no prazo de seis meses, contados desde a publicación das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas.

5. G.G.G. é funcionaria de carreira da escala administrativa da USC desde o ano 2020. Ocupa o posto de xefe de negociado de profesorado funcionario desde o 1 de marzo de 2024 tras a súa obtención por concurso ordinario. O 3 de outubro de 2023, convócase o concurso específico de postos A1/A2/C1 no que figura a

xeftura de sección de PDI no que dona G.G.G. quere participar. Sinala a opción correcta:

- a) Pode participar no concurso específico toda vez que xa permaneceu un mínimo de seis meses no posto anterior obtido por concurso.
- b) Non pode participar no concurso específico toda vez que non permaneceu un mínimo tres anos no posto anterior obtido por concurso.
- c) Pode participar no concurso específico porque non é necesario un tempo de permanencia mínimo no anterior posto.

6. O día 3 de outubro publícase a resolución do Xerente, ditada por delegación de competencias do Reitor, pola que se convoca o concurso específico para PTXAS funcionario e H.H.H., interesado no procedemento, quere impugnar as bases por considerar que non se axustan a dereito. Sinala a resposta correcta:

- a) Non cabe ningún recurso en vía administrativa.
- b) Cabe recurso potestativo de reposición.
- c) Cabe recurso de alzada ante o Reitor.

7. Sinala a resposta correcta:

- a) Segundo artigo 50 da *Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia*, as universidades públicas de Galicia garantirán o cumprimento do dereito á non discriminación por razón de xénero, tanto directa como indirecta, e farán efectiva a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na carreira docente e na investigadora, ben como entre todo o persoal ao seu servizo, e no alumnado.
- b) Segundo artigo 50 da *Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia*, as universidades públicas de Galicia garantirán o cumprimento do dereito á discriminación por razón de xénero, tanto directa como indirecta, e farán efectiva a igualdade de

oportunidades entre mulleres e homes na carreira docente e na investigadora, ben como entre todo o persoal ao seu servizo, e no alumnado.

c) Segundo artigo 50 da *Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia*, as universidades públicas de Galicia garantirán o cumprimento do dereito á non discriminación por razón de raza, tanto directa como indirecta, e farán efectiva a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na carreira docente e na investigadora, ben como entre todo o persoal ao seu servizo, e no alumnado.

8. Sinale a resposta incorrecta:

a) A *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*, aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*, aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das universidades públicas e privadas de Galicia.

c) A *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*, aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo das entidades locais galegas.

9. Un membro da Comisión de Avaliación do concurso específico de méritos é curmán dunha das persoas que vai participar en dito procedemento de provisión.

Sinale a resposta correcta:

a) Segundo o artigo 23 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público*, o membro do tribunal incorre na causa de abstención por existir parentesco dentro do cuarto grao de consanguinidade.

b) Segundo o artigo 23 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público*, o membro do tribunal incorre na causa de abstención por existir parentesco dentro do segundo grao de afinidade.

c) Segundo o artigo 23 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público*, o membro do tribunal non incorre en ningunha causa de abstención por razón de parentesco.

10. L.L.L., é persoal funcionario de novo ingreso da escala administrativa da USC. Que requisito debe cumprir para poder participar nun concurso ordinario convocado na USC segundo o previsto no artigo 90 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*?

a) Debe ter unha antigüidade mínima de dous anos dende o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

b) Debe ter unha antigüidade mínima de tres anos dende o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

c) Debe ter unha antigüidade mínima dun ano dende o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

11. D.D.D., é persoal funcionario da escala auxiliar administrativa da USC. Que requisito debe cumprir para participar nun concurso específico convocado na USC segundo o previsto no artigo 91 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*?

a) Debe ter unha antigüidade mínima de dous anos como persoal funcionario de carreira.

b) Debe ter unha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

c) Debe ter unha antigüidade mínima de seis meses como persoal funcionario de carreira.

12. G.G.G., funcionaria da USC interpuxo recurso de reposición contra a resolución reitoral pola que se resolve o concurso ordinario de méritos convocado para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario, na área de arquivos e bibliotecas, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1. Indique a resposta correcta con relación ao recurso presentado consonte ao artigo 124 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*:

- a) O prazo para a interposición do recurso será de tres meses, sendo o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de un mes.
- b) O prazo para a interposición do recurso será de un mes, sendo o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de tres meses.
- c) O prazo para a interposición do recurso será de un mes, sendo o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de un mes.

13. O reitor da USC ditou unha resolución reitoral pola que resolveu o recurso de reposición interposto pola funcionaria F.F.F. contra a resolución que eleva a definitiva a relación de persoas admitidas e excluídas para optar á provisión, en comisión de servizos, dun posto ofertado no Servizo de Control Interno. Que prazo dispón a USC para cursar a notificación da resolución ditada segundo o previsto no artigo 40 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*?

- a) Quince días a partir da data en que o acto fose ditado.
- b) Dez días a partir da data en que o acto fose ditado.
- c) Cinco días a partir da data en que o acto fose ditado.

14. O funcionario de carreira A.A.A. accedeu ao seu posto de traballo na USC polo procedemento de libre designación. Escolla a resposta correcta segundo o previsto no artigo 95 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*:

- a) A.A.A. pode ser removido discrecionalmente, tendo neste caso dereito a que se lle asigne un posto de traballo mediante o procedemento de adscrición provisional previsto na Lei.
- b) A.A.A. non pode ser removido discrecionalmente nin participar en procedementos de provisión de postos de traballo.
- c) A.A.A. pode ser removido se concorren as causas previstas legalmente, non tendo neste caso dereito a que se lle asigne un posto de traballo mediante o procedemento de adscrición provisional previsto na Lei.

15. Escolla a resposta correcta consonte ao artigo 50 da *Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia*: as universidades e os centros e institucións de investigación galegos han de establecer criterios de acción positiva nas axudas á investigación, garantindo a calidade e a excelencia, e nas convocatorias de axudas, de modo que se valore positivamente que os grupos estean liderados por mulleres:

- a) Que estean integrados por máis dun 40 por cento de mulleres ou que incorporen a perspectiva de xénero.
- b) Que estean integrados por máis dun 30 por cento de mulleres ou que incorporen a perspectiva de xénero.
- c) Que estean integrados por máis dun 60 por cento de mulleres ou que incorporen a perspectiva de xénero.

PREGUNTAS DE RESERVA:

1. O funcionario de carreira da USC X.X.X., non tomou posesión do posto de traballo adxudicado por concurso no prazo establecido. Escolla a resposta correcta en aplicación do artigo 93 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*:

- a) Decaerá nos dereitos que lle puidesen corresponder e, no seu caso, será declarado na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

b) Decaerá nos dereitos que lle puidesen corresponder e, no seu caso, será declarado na situación de excedencia forzosa.

c) Non decaerá nos dereitos que lle puidesen corresponder e, no seu caso, será declarado na situación de suspensión de funcións.

2. Reunidos os membros da Comisión Permanente de Valoración de Méritos da USC queren deliberar e tratar un asunto que non figura incluído na orde do día. Consonte ao artigo 17 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*, requírese para deliberar e tratar o asunto non incluído na orde o día:

a) Que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto por unanimidade.

b) Que asistan a metade os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto por unanimidade.

c) Que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

3. M.M.M., funcionaria de carreira da USC, accedeu ao seu posto de traballo polo procedemento de concurso ordinario, obtendo un rendemento insuficiente que impide realizar con eficacia as funcións atribuídas ao posto. Pode M.M.M. ser removida do seu posto de traballo segundo o previsto no artigo 94 da *Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*?

a) Non, ao tratarse dun posto de traballo ocupado con carácter definitivo.

b) Si, mediante resolución motivada, previo expediente contradictorio e oído o órgano de representación do persoal.

c) Si, previa solicitude do superior xerárquico e previa resolución do correspondente expediente disciplinario incoado.